



COLEXIO OFICIAL DE  
PROTÉSICOS DENTAIS  
DE GALICIA  
CONSELLO GALEGO

## **REGULAMENTO DO SERVIZO DE REXISTRO DE ESTUDANTES DO CICLO DE GRAO SUPERIOR DE PRÓTESE DENTAL DE GALICIA**

### **Artigo 1º.- Constitución e obxecto.**

Créase o Rexistro de estudantes do Ciclo de Grao Superior en Prótese Dental, destinado ao uso libre por todos os estudantes de prótese dental pertencentes ao centros de ensino da Comunidade Autónoma de Galicia.

Constitúe o obxecto desde regulamento establecer, no marco dos fins atribuídos ao Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia no artigo 7.1.a) dos seus Estatutos aprobados mediante Decreto Galego 304/2008, do 9 de outubro, as normas e os procedementos para a creación, modificación, actualización e funcionamento do Rexistro de estudantes do ciclo de grao superior en prótese dental de Galicia.

### **Artigo 2º.- Destinatarios do servizo.**

Poderán facer uso do servizo todos os estudantes do Ciclo de Grao Superior en Prótese Dental pertencentes ao centros de ensino públicos e privados, da Comunidade Autónoma de Galicia, que se atopen cursando tanto o primeiro curso do ciclo como o segundo deste.

### **Artigo 3º. Rexistro de estudantes de prótese dental**

1.- Estará formado por todos os estudantes do Ciclo de Grao Superior en Prótese Dental pertencentes ao centros de ensino da Comunidade Autónoma de Galicia, que se atopen cursando tanto o primeiro curso do ciclo como o segundo deste. Ordenarase numérica e correlativamente por orden de presentación da solicitude no Rexistro Xeral do Colexio.

2.- O Rexistro de estudantes de prótese dental constitúe a relación dos estudantes de prótese dental de Galicia, co Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia, para a mellora constante do nivel de calidade das prestacións profesionais aos estudantes promovendo a súa formación e perfeccionamento, así como para velar pola satisfacción dos intereses dos estudantes de prótese dental relacionados co exercicio da profesión de protésico dental.



COLEXIO OFICIAL DE  
PROTÉSICOS DENTAIS  
DE GALICIA  
CONSELLO GALEGO

**Artigo 4º.- Inclusión no rexistro.**

1.- A inclusión no Rexistro de Estudantes de prótese dental realizarase previa petición no modelo normalizado, dirixida ao Presidente do Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia, formulada polo estudante en cuestión e terá un custe único de 12,00 euros.

2.- Será requisito esencial acompañar xunto co modelo normalizado, copia dunha certificación do centro de formación no que estea a cursar o petionario, acreditando a condición de alumno do devandito centro de formación, así como o xustificante do ingreso dos custes de 12,00 euros..

3.- Aprobada a inclusión no Rexistro o estudante adquirirá a condición de **pre-colexiado** sendo notificada a dita inclusión no Rexistro ao interesado, acompañando copia do Regulamento do servizo, con indicación do número de orden que lle corresponde, e o certificado que o acredita como pre-colexiado, aos efectos exclusivos do establecido no presente Regulamento.

4.- A aprobación da inclusión no Rexistro de Estudantes outorgará ao interesado o dereito a obter un carné na que figure a súa condición de pre-colexiado o cal servirá para a acreditación como membro de pleno dereito do Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia.

5.- A desestimación da solicitude será motivada e deberá fundamentarse en algunha das causas fixadas nos artigos 2 e 3 deste Regulamento.

6.- Os datos incluídos no Rexistro estarán sometidos as disposicións sobre protección de datos de carácter persoal da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normas de desenvolvemento.

7.- .Aos efectos da notificación e inscrición no Rexistro o Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia ostenta a condición de responsable do ficheiro.

**Artigo 5º. Difusión e publicidade.-**

A creación do Rexistro de Estudantes de Prótese Dental será difundido polo Colexio Oficial de Protésicos Dentais a todos os centros de formación da Comunidade Autónoma de Galicia. Igualmente será difundido a través da páxina web oficial colexial —[www.coprodega.es](http://www.coprodega.es)— na correspondente sección, na que



COLEXIO OFICIAL DE  
PROTÉSICOS DENTAIS  
DE GALICIA  
CONSELLO GALEGO

constará o Regulamento do devandito Rexistro así como o modelo normalizado para a solicitude de inclusión neste.

**Artigo 6º.- Mantemento, actualización e normas de funcionamento do Rexistro**

1.- Os estudantes de prótese dental que fixeran uso do servizo establecido neste Regulamento, estarán obrigados a comunicar calquera variación que se produza en relación coa súa situación persoal como estudantes do dito Ciclo (cambio de centro, repetición de curso, ampliación de estudos, cambio de especialidade...).

2.- O estudante de prótese dental formará parte do Rexistro de Estudantes de Prótese dental, e manterá a súa condición de pre-colexiado, exclusivamente durante o tempo en que estea a cursar os seus estudos . O Colexio procederá a cancelación de oficio, da inscrición do alumno no devandito rexistro unha vez transcorrido de dous anos para os estudantes do primeiro curso e dun ano para os alumnos do segundo curso. Agás indicación en contrario sexa por implantación, prórroga e cumprimento de estudos na mesma especialidade, máster, etc.

3.- Coa inclusión no Rexistro de Estudantes de Prótese Dental, o estudante pasará a ser membro de pleno dereito do Colexio Oficial de Protésicos Dentais de Galicia recibindo o mesmo tratamento que se dun colexiado se tratase, estando sometido ao mandato do Decreto 304/2008, de 9 de outubro, polo que se aproban os Estatutos do Colexio, e dispoñendo do catálogo de servizos que o Colexio ofrece a todos os colexiados, asesoramento xurídico, servizo de formación continuada, acceso á bolsa de emprego, así como á zona privada da web, acceso ao servizo de información periódica mediante a web, correo electrónico e redes sociais de todas as noticias, eventos, cursos e actividades que teñan relación co exercicio da actividade de protésico dental e disfrutando dos convenios de colaboración que o Colexio mantén con entidades públicas e privadas que outorgan unhas condicións especialmente vantaxosas para os colexiados.

4. Unha vez rematados os estudos e prórrogas de especialización, máster ou beca, os xa recién titulados poderán beneficiarse da bolsa de emprego. Adquírese a condición de colexiado recién titulado, cun período de carencia nos custes asociados á tramitación da inscrición (150,00 €), abonando tan só a cota na súa condición de colexiado non exercente (12,00 €) beneficiándose a todos os efectos da súa colexiación dos servizos, convenio de colaboración e demais vantaxas... integrándose na normalidade estatutaria do Colexio Oficial de protésicos Dentais de Galicia, que se materá ata asinar o seu primeiro contrato para o exercicio profesional por conta allea ou darse de alta no RETA como profesional autónomo. Deste xeito, xa adquirirá a condición de colexiado exercente, rematando o período



COLEXIO OFICIAL DE  
PROTÉSICOS DENTAIS  
DE GALICIA  
CONSELLO GALEGO

de carencia anteriormente sinalado debendo satisfacer os custes asociados á tramitación da alta, ben nun pago único ou nun pago fraccionado xunto coa cota colexiar ordinaria

**Disposición adicional**

A interpretación das presentes normas e a aclaración de dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación será competencia do Pleno da Xunta de Goberno do Colexio oficial de Protésicos Dentais de Galicia.

**Disposición final**

O presente regulamento será de aplicación e entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa aprobación polo Pleno da Xunta de Goberno.